



**Acta núm. 15/2021.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 29 de xuño de 2021.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

María Rosa Romero Fariña.
Carlos Noya Pereira.
José Luis Sampedro Bouzas.
Sandy Marie Cebral Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 29 de xuño de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 14/2021, DO 22.06.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).
- 5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 14/2021, DO 22.06.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 22.06.2021, acta núm. 14/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DOLORES VILACOBA MARTÍNEZ, na que comunica que vai realizar obras de conservación no cenador, no garaxe e no hórreo, situados na Avd. Santa Minia 69, Brión, substituíndo a totalidade da tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6261506NH2466S0001UO) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1), e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 87,30 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 151,87 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA VILLAR CATALÁN PARANDIET, na que comunica que vai facer un peche de parcela con bloques de formigón revestidos e pintados e instalar un portalón de acceso á parcela, en Bastavaliños 14, Bastavales.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7520324NH2472S0001BF) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación,

séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e sitúase na aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como XBE-1, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- .- O peche situarase mínimo a 4 metros do eixe do vial.
- .- A altura do peche opaco será máximo de 1,20 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 53,56 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 118,13 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Melchor Nogueira Uzal, que di actuar en representación de MANUEL VIDAL OUJO, na que comunica que vai reparar a cuberta dun alpendre de 99 m2, en San Salvador 5, San Salvador, substituíndo a tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A edificación onde se van realizar as obras (referencia catastral 7625601NH2472N0001AY) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1), sitúase na aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como SBE-1, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 64,79 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 129,36 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALFONSO SERRAMITO FREIRE, na que comunica que vai construír un acceso pavimentado en formigón, colocando 3 metros de tubo de 40 centímetros de diámetro para canalizar pluviais, no Outeiro, Os Ánxeles.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 15013B505011940000MB) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, polo que, segundo a Disposición Transitoria 1ª.2. d) da Lei 2/2016, do solo de Galicia, aplícaselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1,17 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 65,74 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA ESTHER GÓMEZ VILLAR, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta de 26,25 m2 aproximadamente, tipo 3B, segundo a definición do Decreto 119/2019, polo que se regulan os criterios hixiénicos sanitarios das piscinas de Galicia.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7920414NH2472S0001ZF) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Situarase mínimo a 8 metros do eixe do vial e a 3 metros mínimo de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 245,42 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 309,99 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ LUÍS ARIAS RODRÍGUEZ, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda da Urb. Monte Devesa 34, Os Ánxeles, substituindo a tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se van realizar as obras atópase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 (UC3) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 104,66 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 169,23 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ISAURA CARMEN RODRÍGUEZ BRELLE, na que comunica que vai reparar a cuberta do garaxe da Avd. Vicente Ramos 14, Os Ánxeles, substituindo a totalidade da tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7650401NH2475S0001FL) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM e sitúase dentro da aldea de Guitiande, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como AE4, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 67,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 Total: 131,97 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Celestina López Morte, que di actuar en representación de NEDGIA GALICIA S.A., na que solicita licenza para executar obras de mantemento substituíndo o buzón AC da rede, para o que será necesario realizar a apertura dunha cala na zona axardinada de 0,3x0,3x0,3 metros, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Alejandra Risco Barba, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Madrid o 10/05/2021, visado número 2104103/01.

A parcela onde se pretenden executar as obras está clasificada como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC-3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 316,26 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3,25 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 67,82 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión no lugar de Cirro 35, San Salvador, desde o apoio existente HV-400/9 coa extensión da rede con condutor XZ1 4X (1*240) Al, ata a situación da CPM situada no límite da propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 19 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña, o 07/04/2021, visado nº 983/21-CO.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7732508NH2473S0001DI) está clasificada como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 559,20 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido polo Banco Santander S.A. e presentado no Concello o 07/05/2021, r.e. 20210000001282.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 51,84 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 Total: 116,41 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión no lugar de Ombre, Viceso, en condutor de tipo XZ1 0,6/1 Kv, desde paso aéreo subterráneo proxectado no apoio existente HV-250/9 ata a situación da CPM a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabia dunha lonxitude total de 45,00m, segundo proxecto asinado polo graduado en enxeñería eléctrica Rubén Fervenza Nicolás, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo, o 10/06/2021, visado núm. 22100901.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 0271508NH2407S0001TW) está clasificada como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1) e situase dentro da zona de policía de leitos dun rego.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
 .- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 756,50 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido polo Banco Santander S.A. e presentado no Concello o 07/05/2021, r.e. 20210000001282.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 91,30 euros.
 .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 Total: 155,87 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL ROCÍO CASTRO NOYA, para o funcionamento de tres locais destinados á actividade de cafetería na Rúa Inxerido 1, baixo, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local do 01.07.2020 autorizou María del Rocío Castro Noya para acondicionar tres locais, e os espazos exteriores situados nos soportais do edificio, para actividade de cafetería, na Rúa Inxerido 1, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico Alexandre Marcos Rodríguez, de data maio 2020, e documentación complementaria de data xuño 2020.

A Xunta de Goberno Local, á vista do certificado final de obra asinado polo arquitecto técnico Alexandre Marcos Rodríguez o 01.06.2021 e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal no que se sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar o funcionamento da actividade destinada a cafetería na Rúa Inxerido 1, baixo, Os Ánxeles, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas de apertura de establecementos: 263,25 euros.
 Total: 263,25 euros.

QUINTO.- APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 28.06.2021, que transcrita di:

Antecedentes:

1. Por providencia desta alcaldía do 25.05.2021, acordouse:

Resultando que con data 31.08.2021 remata o contrato de servizos vixente do: Servizo de Axuda no Fogar.

Resultando que é necesario tramitar expediente para realizar unha nova contratación, ao ser unha competencia municipal en tanto non se desenvolva polo Estado e pola Comunidade Autónoma a lexislación nesta materia.

Ao abeiro das competencias desta alcaldía, dispoño:

1º) Iniciar o expediente para a contratación do Servizo de Axuda no Fogar, por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, polo prazo de dous anos, cunha posible prórroga dun ano.

2º) Que se incorporen ao expediente os seguintes documentos:

- Informe do Departamento de Servizos Sociais.
- Memoria xustificativa da necesidade do contrato.
- Informe de insuficiencia de medios.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas (PPT).
- Informe xurídico de secretaría.
- Informe de fiscalización de intervención.

Logo de realizados estes trámites déase conta a esta alcaldía para a continuación do expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

1.- A aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares é competencia do órgano de contratación (art. 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).

2.- Consonte co disposto nos artigos 131,146.2 e 156 e ss. da LCSP a forma de adxudicación deste contrato será por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.

3.- O artigo 117 da LCSP regula a aprobación do expediente de contratación.

4.- O valor estimado do contrato supera os límites cuantitativos establecidos no apartado 1 da Disposición Adicional Segunda da LCSP, polo que corresponde a competencia para tramitar o expediente á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, en virtude do acordo plenario de delegación de competencias do 27 de xuño de 2019, publicado no BOP do 3 de xullo de 2019.

Visto o expediente tramitado con todos os documentos que o integran, e os informes preceptivos de secretaría e de intervención, propono á Xunta de Goberno Local, previo ditame da Comisión Informativa de Servizos, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o expediente de contratación do Servizo de Axuda no Fogar e iniciar a licitación por procedemento aberto con varios criterios de adjudicación, mediante publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante que se atopa aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado.

2º) Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas por procedemento aberto con varios criterios de adjudicación, previsto no art. 156 da LCSP, que han rexer o contrato, asinados con data 18.06.2021.

3º) Autorizar o gasto desta anualidade con cargo á aplicación: 231.22714 do orzamento vixente onde existe retido crédito por intervención, adoptando o compromiso de consignar nos orzamentos de 2022 e 2023, os créditos necesarios para facer fronte aos gastos derivados deste expediente de contratación.

4º) Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante para os efectos da presentación de ofertas polos licitadores.

5º) Facultar expresamente a esta alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González